

FACTURACIÓN ELECTRÓNICA OBRIGATORIA ANTE O CONCELLO DE LUGO A PARTIR DO 30 DE XANEIRO DE 2017



A FACTURA ELECTRÓNICA

A partir do vindeiro 30 de xaneiro de 2017 as facturas dirixidas ao Concello de Lugo deben ser electrónicas.

Dita obriga recóllese na Ordenanza reguladora de Administración Electrónica do Concello cuxa derradeira modificación, aprobada inicialmente por acordo plenario de 14 de novembro de 2016, entra en vigor o dito día 30 de xaneiro de 2017, e que establece:

“Artigo 31.- Todos os provedores que entreguen bens ou presten servizos a este Excmo. Concello de Lugo deberán expedir e remitir factura electrónica.

Non se admitirán facturas en papel a partir do 1 de xaneiro de 2017”.

¿QUÉ É UNHA FACTURA ELECTRÓNICA?

Una factura electrónica é, ante todo, unha factura. É dicir, ten os mesmos efectos legais que unha factura en papel. Lembremos que unha factura é un xustificante da entrega de bens ou a prestación de servizos.

Una factura electrónica é unha factura que se expide e recibe en formato electrónico.

As facturas electrónicas deben ter un formato estruturado, é dicir, que se xeren automaticamente polos sistemas informáticos de facturación do emisor e poidan ser tramitadas de forma igualmente automatizada polos sistemas informáticos de pago e contabilidade do receptor.

Un exemplo de formato estruturado son os que utilizan a linguaxe xml, como no caso de Facturae.

PRINCIPAL MARCO NORMATIVO

- Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento que regula as obrigas de facturación.
- Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.
- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

- [Orden HAP/492/2014, de 27 de marzo](#), pola que se regulan os requisitos funcionais e técnicos do rexistro contable de facturas das entidades do ámbito de aplicación da Lei 25/2013, de 27 de decembro (BOE 29/03/2014).
- [Orden HAP/1074/2014, de 24 de xuño](#), pola que se regulan as condicións técnicas e funcionais que debe reunir o Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas (BOE 25/06/2014).
- [Orden HAP/1650/2015, de 31 de xullo](#), pola que se modifican as dúas ordes anteditas

OBRIGATORIEDADE DE PRESENTACIÓN DE FACTURA ELECTRÓNICA POR PARTE DOS PROVEEDORES

- Todos os provedores que entreguen bens ou presten servizos á Administración Pública, neste caso ao Concello de Lugo, poderán expedir e remitir factura electrónica.
- En calquera caso, a Lei recolle a obriga no uso da factura electrónica e a súa presentación a través do punto xeral de entrada que corresponda ás seguintes entidades:

- Sociedades anónimas;
- Sociedades de responsabilidade limitada;
- Persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica que carezan de nacionalidade española;
- Establecementos permanentes e sucursais de entidades non residentes en territorio español nos termos que establece a normativa tributaria;
- Unións temporais de empresas;
- Agrupación de interese económico, Agrupación de interese económico europea, Fondo de Pensións, Fondo de capital risco, Fondo de inversións, Fondo de utilización de activos, Fondo de regularización do mercado hipotecario, Fondo de titulización hipotecaria ou Fondo de garantía de inversións.

Como excepción a esta obriga, as Administracións Públicas poderán excluír regulamentariamente desta obriga de facturación electrónica ás facturas cuxo importe sexa de ata 5.000 euros.

A esta excepción acolleuse o Concello de Lugo no momento de posta en marcha da recepción de facturas electrónicas, fai agora dous anos.

Neste momento a madurez dos sistemas de facturación electrónica, o seu uso xeneralizado por todas as AAPP e provedores, a aprobación da nova Lei 39/2015 que obriga a unha Administración sen papel, e a convicción de que esa excepción debía ter un horizonte temporal xa que retarda os tempos de tramitación e pago, fai imprescindible que todas as facturas que recibe o Concello de Lugo sexan en formato electrónico.

¿QUÉ SE NECESITA PARA CREAR UNHA FACTURA ELECTRÓNICA A PRESENTAR NUNHA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA?

Hai dúas formas de facelo:

- Mediante un programa informático que cree facturas electrónicas.
- Mediante a intermediación dun prestador de servizos de facturación electrónica.

No caso das pequenas ou medianas empresas, ou autónomos, poden utilizar o programa informático que se ofrece de balde na páxina www.facturae.gob.es

¿CÓMO DEBEN SER AS FACTURAS ELECTRÓNICAS QUE SE PRESENTAN ANTE AS ADMINISTRACIONES PÚBLICAS?

Teñen tres requisitos específicos:

- Estar escritas nunha linguaxe informática determinada (a derradeira versión é facturae 3.4)
- Estar asinadas electronicamente, para o cal se precisa un certificado electrónico recoñecido.
- Indicar o destinatario da factura electrónica.

¿CÓMO INDICAR O DESTINO DA FACTURA ELECTRÓNICA?

En particular, deberá identificar:

- oficina contable
- órgano xestor
- unidade tramitadora

A administración debe proporcionar a información necesaria.

No seguinte enlace, e filtrando polo CIF do Concello de Lugo, pode visualizarse a relación de unidades tramitadoras dadas de alta para os efectos de dirixir a factura electrónica ó Concello:

<https://face.gob.es/#/es/directorio/relaciones>

| | |
|--------------------|--|
| Administración | LD1270208 Concello De Lugo |
| Oficina Contable | I 01270288 OG Concello De Lugo |
| Organo Gestor | LA0005481 OX EDUCACION E INFRAESTRUTURAS URBANAS |
| Unidad Tramitadora | LA0007302 UT XLS TIÓN INTEGRAL DO CICLO DA AUGA |
| NIFs asociados: | P2702800 |
| Administración | I 01270288 Concello De Lugo |
| Oficina Contable | LD1270208 OG Concello De Lugo |
| Organo Gestor | LA0005401 OX EDUCACION E INFRAESTRUTURAS URBANAS |
| Unidad Tramitadora | LA0007380 UT REPARACIÓN, CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DE INFRAESTRUTURAS E BENS MUNICIPAIS NO CONTORNO URBANO |
| NIFs asociados: | P2702800 |
| Administración | I 01270288 Concello De Lugo |
| Oficina Contable | LD1270208 OG Concello De Lugo |
| Organo Gestor | LA0005481 OX EDUCACION E INFRAESTRUTURAS URBANAS |
| Unidad Tramitadora | LA0005551 UT TOPOGRAFÍA E VALORACIÓN NO CONTORNO URBANO |
| NIFs asociados: | P2702800 |

É fundamental que no momento de recibir un pedido ou unha solicitude de prestación de servizos por parte dun departamento ou servizo do Concello se lles indiquen estes códigos, xa que lles serán imprescindibles á hora de rexistrar en FACe a factura electrónica cando chegue o momento.

Internamente tamén estamos a esixir que nas propostas de gasto se indiquen estes datos para conseguir axilidade e rapidez na xestión das facturas.

IMPORTANTE:

É obrigatorio consignar nas facturas estes tres códigos DIR facilitados polos departamentos ou servizos que realizan os pedidos.

No seu defecto, as facturas serán devoltas.

¿CÓMO ENVIAR A FACTURA ELECTRÓNICA?

As facturas electrónicas envíanse por Internet a través dos puntos xerais de entrada de facturas electrónicas do Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais.

Un punto xeral de entrada de facturas electrónicas é una xanela electrónica única de entrada de todas as facturas electrónicas dirixidas a una determinada administración.

O Concello de Lugo optou por adherirse o 15 de xaneiro de 2015 ao punto de entrada de facturas electrónicas da Administración Xeral do Estado

¿QUÉ É FACe?

Tal e como acabamos de dicir, FACe é o punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Administración Xeral do Estado.



Pode acceder ao seu portal web tecleando no navegador:

<https://face.gob.es/#/es>

O primeiro que poderemos visualizar é a seguinte pantalla:

Browser address bar: <https://face.gob.es/face>

GOBIERNO DE ESPAÑA

FACE
Punto General de Entrada de Facturas Electrónicas

INICIO FACTURA - DIRECTORIO FACE - INTEGRADORES - BUSCADOR DE PUNTOS AYUDA - CASTELLANO -



FACE

A través del Punto General de Entrada de Facturas Electrónicas de la Administración General del Estado FACE podrá presentar y consultar el estado de sus facturas electrónicas dirigidas a las miles de Administraciones Públicas adhoridas al sistema.

1 2 3 4 5

Nesta web pode:

- Enviar facturas á Administración Xeral do Estado ou a outras administracións adheridas, como é o caso do Concello de Lugo.
- Consultar o estado das súas facturas.
- Consultar o directorio de unidades para coñecer o código de identificación da unidade destinataria.
- Descargar o programa informático que de balde ofrece o Ministerio
- Obter axuda.

VANTAXES DA FACTURA ELECTRÓNICA

Os beneficios específicos da factura electrónica son:

- acurtar os ciclos de tramitación, incluído o cobro;
- reducir erros humanos;
- eliminar custos de impresión e envío postal;
- facilitar un acceso máis rápido, áxil e sinxelo ás facturas almacenadas;
- reducir drasticamente o espazo necesario para o seu almacenamento;

- mellorar o servizo ao cliente;
- eliminar o consumo de papel e o seu transporte, co conseguinte efecto positivo sobre o medio ambiente;
- facilitar a loita contra o fraude;
- Introducir a factura nos sistemas informáticos empresariais, mellorando a súa xestión;
- e, como punto máis importante, contribuír á modernización da economía e ao desenvolvemento da Sociedade da Información.

Sen embargo, todos estes beneficios non se poden materializar se non se superan os seguintes **retos**:

- A súa adopción polas PEMES, que constitúen o segmento máis importante do tecido empresarial español e europeo
- A súa aceptación polos cidadáns
- A súa implantación nas AAPP
- A interoperabilidade dos sistemas de facturación electrónica que permita o seu uso na interrelación comercial tanto dentro como a través das nosas fronteiras.

No que respecta á Administración Pública ao falar destes retos e que vai supoñer un importante esforzo en redeseños internos, debemos destacar o que se nos di na parte expositiva da Lei 39/2015:

“Unha Administración sen papel baseada nun funcionamento integramente electrónico non só serve aos principios de eficacia e eficiencia, ao aforrar custos a cidadáns e empresas, senón que tamén reforza as garantías dos interesados á vez que facilita unha mellor transparencia”.